

BAIONA

Dictaminada por la Comisión Especial de Cuentas el día 30/10/08, la Cuenta General del Ayuntamiento de Baiona correspondiente al año 2007, se anuncia la exposición al público por un plazo de 15 días hábiles durante los cuales y ocho más, podrán los interesados formular reclamaciones, observaciones y reparos a la misma, todo ello de acuerdo con el artículo 212.3 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales aprobada por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Baiona, a 10 de noviembre de 2008.—El Alcalde, Jesús Vázquez Almuiña. **2008011618**

* * *

O PORRIÑO

Polo Pleno deste Concello en sesión ordinaria de data 6 de novembro de dous mil oito, acordouse inicialmente a modificación do coeficiente de situación da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre Actividades Económicas.

De conformidade co disposto no artigo 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este expediente estará exposto ó público na Secretaría deste Concello, por un período de trinta días hábiles contados desde o seguinte á publicación deste anuncio no B.O.P., para que tódolos que teñan a condición de interesados poidan examinalo e presenta-las alegacións que estimen oportunas.

Porriño, a 10 de novembro de 2008.—O Alcalde, Raúl Francés Rodríguez. **2008011606**

* * *

SANXENXO

Anuncio de aprobación inicial do “Estudo de detalle para reaxuste de rasantes en Areas-Dorrón”, tramitado a instancia da mercantil “Grupo Inmobiliario Costa Sanxenxo, S.L.”

A Xunta de Goberno Local, en sesión realizada o 6 de novembro de 2008, acordou prestar aprobación inicial ó “Estudo de detalle para reaxuste de rasantes en Areas-Dorrón”, tramitado a instancia da mercantil “Grupo Inmobiliario Costa Sanxenxo, S.L.” de conformidade co proxecto redactado polo arquitecto D. José-Antonio Sueiro Sueiro, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 17 de xuño de 2008.

Exponse o expediente a información pública polo prazo de 20 días, contados a partir do día seguinte á publicación do anuncio no Diario Oficial de Galicia, Boletín Oficial da Provincia e nun dos

xornais de máis ampla circulación na provincia, ó obxecto de que, quen se considere afectado ou prejudicado, poida formular as alegacións que considere procedentes, suspendéndose o outorgamento de licenzas de parcelación, edificación e demolición na área do estudo de detalle.

Este anuncio suple as circunstancias que poidan concorrer no disposto no art. 59 de la Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

Sanxenxo, 6 de novembro de 2008.—A alcaldesa, Catalina González Bea, Raúl Francés Rodríguez. **2008011644**

* * *

PONTECESURES**A N U N C I O**

O Pleno deste Concello, na súa sesión do 14 de novembro de 2008, aprobou provisionalmente a “Ordenanza Fiscal da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local polas empresas subministradoras de servizos de Telefonía Móbil”, estando exposta no taboleiro de anuncios ós efectos de que os interesados poidan examinala e presentar as reclamacións que estimen oportunas, dentro do prazo de 30 días hábiles contados a partir do seguinte ó da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

De non presentarse ningunha reclamación o acordo elevarase automaticamente a definitivo.

Pontecesures, 14 de novembro de 2008.— A alcaldesa, M^a Isabel Castro Barreiro. **2008011689**

* * *

T U I**A N U N C I O**

Ditaminada favorablemente pola Comisión Especial de Contas, en sesión ordinaria celebrada o pasado día 10 de novembro de 2008, a Conta Xeral do exercicio 2007, deste Concello de Tui, por medio do presente en cumprimento do disposto no art. 212.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, expponse ó público por espazo de quince días, para que durante este prazo e oito mais, os interesados podan presentar as reclamacións, reparos e observacións que estimen oportunas.

Tui, 11 de novembro de 2008.—O Alcalde-Presidente, Antonio F. Fernández Rochai. **2008011615**